



## TÍTULO SUPERIOR EN CONSERVACIÓN E RESTAURACIÓN DE BENS CULTURAIS

Escola Superior de Conservación e Restauración de BBCC de Galicia

### Materia: Debuxo e cor

Departamento: Documentación dos bens culturais.

Formación básica

Curso: 1º

Anual

7 ECTS

Teórico-práctica

Profesora: Carmen Lage Veloso

carmenlage@edu.xunta.es

Horario: 4 horas semanais

### DESCRIPCIÓN DA MATERIA

Debuxo artístico e técnico: conceptos e técnicas relativas á representación gráfico - plástica dos obxectos, formas, calidades materiais e composicións bidimensionais e tridimensionais. Cor: representación da luz e dos parámetros cromáticos. Sistemas de representación espacial.

### COMPETENCIAS TRANSVERSAIS

T1	Organizar e planificar o traballo de forma eficiente e motivadora.
T2	Recoller información significativa, analizala, sintetizala e xestionala adecuadamente.
T3	Solucionar problemas e tomar decisións que respondan aos obxectivos do traballo que se realiza.
T4	Utilizar eficientemente as tecnoloxías da información e a comunicación.
T6	Realizar autocrítica cara ao propio desempeño profesional e interpersonal.
T7	Utilizar as habilidades comunicativas e a crítica construtiva no traballo en equipo.
T9	Integrarse adecuadamente en equipos multidisciplinares e en contextos culturais diversos.
T11	Desenvolver na práctica laboral unha ética profesional baseada na apreciación e sensibilidade estética, medioambiental e cara a diversidade.
T12	Adaptarse, en condicións de competitividade aos cambios culturais, sociais e artísticos e aos avances que se producen no ámbito profesional e seleccionar as canles adecuadas de formación continuada.
T13	Buscar a excelencia e a calidade na súa actividade profesional.
T14	Dominar a metodoloxía de investigación na xeración de proxectos, ideas e solucións viables.

### COMPETENCIAS XERAIS DA TITULACIÓN

X1	Contextualizar o ben cultural, entendendo o seu significado como testemuña documental para o seu respecto e transmisión.
----	--



X8	Desenvolver habilidades, destrezas e sensibilidades para aplicar e realizar os tratamentos de conservación e restauración
X11	Acadar a capacidade de colaborar e traballar en equipo con outros profesionais, establecendo os mecanismos axeitados de comprensión e diálogo interdisciplinario.
X15	Coñecer os riscos laborais e as medidas e normas de seguridade e saúde, e a súa aplicación para o restaurador, os bens culturais e o medio.
X18	Documentar calquera dato derivado do estudo e proceso dos tratamentos de conservación e restauración que contribúa a facilitar a comprensión e coñecemento do ben cultural.
X19	Coñecer e aplicar os recursos de investigación: metodoloxía científica, fontes documentais e historiográficas, análise, interpretación e síntese de resultados.
X20	Ter a capacidade para obter, presentar e difundir información sobre os bens culturais e a metodoloxía dos procesos de conservación-restauración.

### COMPETENCIAS ESPECÍFICAS DA MATERIA

Coñecer o concepto de cor: física, sínteses, métrica, dimensións, leis, etc
Adquirir a capacidade de manexo dos parámetros da cor.
Comprender e aplicar as leis fundamentais da cor.
Coñecer os recursos visuais e análise da realidade para a súa representación.
Adquirir a capacidade de manexo dos elementos básicos do debuxo.
Comprender e aplicar a potencialidade descritiva e expresiva dos diferentes tipos de debuxo.
Coñecer os conceptos e técnicas relativas a representación gráfico-plástica das formas e as súas calidades materiais.
Adquirir a capacidade de coñecemento dos conceptos básicos do debuxo.
Adquirir a capacidade de manexo da proporción.
Coñecer os diferentes sistemas de representación e a súa normativa.
Comprender e aplicar as normas de acoutación.
Adquirir a capacidade de coñecemento e aplicación da normativa vixente do sistema de planos acoutados.
Comprender e aplicar as ferramentas infográficas dispoñibles na aula para a correcta execución de debuxos normativos .

### UNIDADES DIDÁCTICAS

Unidades	Actividades	% no total da materia
U.D.1. Luz e cor.	Realización dos	20%



-A cor como fenómeno físico e perceptivo. Perspectiva aérea -A teoría da cor. Mestura aditiva e sustractiva. Saturación, ton, valor. Harmonía cromática -Interacción da cor. Contraste simultáneo. -Valores expresivos, simbólicos e codificados da cor -Introdución á reprodución de cores.	exercicios prácticos incluídos no libro <i>A interacción da cor</i> de Josef Albers	
<b>U.D.2. Pigmentos.</b>	Traballo de investigación	10%
<b>U.D.3. Conceptos básicos da percepción e do debuxo.</b>  O debuxo no proceso proyectual. Útiles, bocetos, documentación, diarios gráficos, cuadernos de bocetos, obra final	Apuntes do natural, bosquejo e obra final	10%
<b>U.D.4. Linguaxes gráficas de representación: mimética, descriptiva, científica, figurativa, expresiva e comunicativa.</b>  Interdisciplinariedade do debuxo	Debuxo científico Debuxo expresivo	10%
<b>U.D.5. Introdución ao debuxo académico.</b>  Encaixe, encuadre, composición, proporción.	Exercicios	20%
<b>U.D.6. O tratamento do craro-escuro. Composición bidimensional. Encaixe tonal</b>	Exercicios	20%
<b>U.D.7. Fundamentos do sistema diédrico.</b>	Exercicios	5%
<b>U.D.8. Fundamentos do sistema de planos acoutados.</b>	Exercicios	5%
<b>U.D.9. Fundamentos do sistema axonométrico.</b>	Exercicios	5%
<b>U.D.10. Normalización e esbozos.</b>	Esbozo acoutado	5%

### PLANIFICACIÓN DOCENTE

Metodoloxías	Horas aula	Horas fóra	Total
Actividades introductorias	1	0	1
Sesión maxistral	48	0	48

Resolución de problemas ou exercicios	20	20	40
Prácticas	75	0	75
Traballo autónomo	0	11	11
<b>Total</b>	<b>144</b>	<b>31</b>	<b>175</b>

### METODOLOXÍA DOCENTE

Metodoloxía	Descrición
Actividades introductorias	Actividades encamiñadas a presentar a materia e tomar contacto co alumnado
Sesión maxistral	Exposición por parte do profesor dos contidos sobre a materia obxecto de estudo, bases teóricas e/ou directrices dun traballo, exercicio ou proxecto a desenvolver polo estudante.
Resolución de problemas ou exercicios.	Actividade na que se formulan problemas e/ou exercicios relacionados coa materia. O alumno debe desenvolver a análise e resolución dos problemas e/ou exercicios de forma autónoma.
Prácticas	Actividades de aplicación dos coñecementos a propostas concretas e de adquisición de habilidades básicas e procedementais. Desenvólvense en espazos especiais con dotación especializada (aula de debuxo).

### SISTEMAS DE AVALIACIÓN

Método	Criterios	% avaliación
Traballos e resolución de problemas e exercicios.	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Demostrar a asimilación e aplicación dos coñecementos adquiridos utilizando adecuadamente a metodoloxía e os diferentes materiais e técnicas de debuxo na representación gráfica das formas, ideas e conceptos.</li> <li>- Calidade e rigor técnico na presentación dos traballos.</li> <li>- Puntualidade e pulcritude na entrega dos traballos.</li> <li>- Corrección no debuxo a partir do natural, asimilando os conceptos de encaixe, encuadre e proporción.</li> <li>- Utilización adecuada da terminoloxía específica da linguaxe visual e plástica.</li> </ul>	80%



	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Analizar a cor cunha linguaxe obxectiva.</li> <li>- Corrección na representación en perspectiva do espazo.</li> <li>- Desenvolvemento de habilidades perceptivas aplicadas á representación do claroscuro.</li> <li>- Amosar unha actitude responsable e autocrítica cara o desempeño do traballo.</li> <li>- Desenvolver sensibilidade e criterio estético.</li> </ul>	
Observación sistemática a través do seguimento do traballo na aula-taller	<p>Participación na clase baseada en argumentos motivados, diferenciando a opinión persoal do xuízo crítico.</p> <p>Interese.</p> <p>Capacidade de organización.</p>	20%
<b>Total</b>		<b>100 %</b>

### OUTROS COMENTARIOS A AVALIACIÓN E MEDIDAS DE RECUPERACIÓN

A cualificación final resultará da aplicación do cálculo da porcentaxe anteriormente descrita para as actividades do período, avaliando actitudes e aptitudes. No caso de que non se presentasen dúas destas actividades, non se fará a media co resto e non se poderá aprobar o período evaluado. O alumnado que supere as actividades propostas aprobarán coa media resultante.

De non ser así, irá á **Avaliación final ordinaria**, na que terá que realizar probas prácticas e teóricas, algunhas delas seleccionadas entre as realizadas en cada avaliación e outras especialmente deseñadas para tal efecto.

Se se realizan actividades teóricas e prácticas, as primeiras suporán o 20% da nota final ea segunda, o 80%.

A mesma porcentaxe aplicarase os estudantes que perderon o dereito á avaliación continua (de acordo coas especificacións da normativa vixente). O 80% da nota obterase mediante exercicios prácticos e o 20% restante da realización dun exercicio teórico sobre os conceptos desenvolvidos nas distintas unidades docentes.

O alumnado con traballos non superados e **con perda do dereito de avaliación continua** que non supere a avaliación ordinaria acudirá á convocatoria extraordinaria.

#### **Avaliación Extraordinaria**

Exercicio/os práctico/os onde se avalían determinados contidos da materia 80%



Exercicio/os teórico/os onde se avalían determinados contidos da materia

20%

### ATENCIÓN PERSONALIZADA

Ofreceráse atención personalizada ao alumnado durante todo o curso a través de titorías presenciales e a través do correo electrónico.

Utilizaráse a plataforma DROPBOX onde o alumnado poderá atopar os exercicios e a relación de recursos bibliográficos necesarios para o correcto seguimento do curso.

### BIBLIOGRAFÍA RECOMENDADA

ALBERS, J. *La interacción del color*. Alianza Forma 2010, p.161

BALL, P. *La invención del color*. Philip Turner 2003, p. 460.

BARCSAY, J. *Anatomía artística del cuerpo humano*. IDEA BOOKS. 1996, P.330.

BATCHELOR, D. *Cromofobia*. Editorial Síntesis 2001, p. 156.

BERGER, J. *Modos de ver*. GG. 2005, p.177.

CHIJIWA, H. *Combinar el color*. Hideaki. BLUME. 1999, p.142.

DÍAZ PADILLA, R. *El dibujo del natural en la época de la postacademia*. AKAL. Bellas Artes. 2007, p.326.

DOERNER, M. *Los materiales de la pintura y su empleo en el arte*. Reverté. Barcelona, 1989

EDWARDS, B. *El color*. Urano 2011, p. 204

EDWARDS, B. *Nuevo aprender a dibujar con el lado derecho del cerebro*. URANO. 2008, p.318.

GÓMEZ DE MOLINA, J. JOSÉ (Coord.) *Las lecciones de dibujo*. CÁTEDRA. 2006, p.618

GÓMEZ DE MOLINA, J. JOSÉ; CABEZAS, L.; BORDES, J. *El manual de dibujo. Estrategias de su enseñanza en el siglo XX*. CÁTEDRA. 2005, p. 654.

GÓMEZ DE MOLINA, J. JOSÉ; CABEZAS, L.; BORDES, J. *Los nombres del dibujo*. CÁTEDRA. 2005, p. 576.

GONZÁLEZ CAUSANTE, J. M.; CUEVAS RIAÑO, M. M.; FDEZ. QUESADA, B. *Introducción al color*. AKAL. Bellas Artes.

IZQUIERDO ASENSI, F. *Ejercicios de geometría descriptiva*. CARRASCO. 2005, p.383.

IZQUIERDO ASENSI, F. *Geometría descriptiva*. CARRASCO. 2005.

LAMBERT, S. *El dibujo. Técnica y Utilidad, Una introducción a la percepción del dibujo*. Hermann Blume. Madrid, 1985.

MAYER, R. *Materiales y técnicas del arte*. Ed Blume, 1999.

MICKLEWRIGHT, K. *Dibujo. Perfeccionar el lenguaje de la expresión visual*. BLUME. 2005, p.168.



MOREAUX;A. *Anatomía artística del hombre*. Ed Norma. Madrid, 1981

NAVARRO DE ZUVILLAGA, J. *Forma y representación. Un análisis geométrico*. AKAL. Bellas Artes. 2008, p. 255.

PARRAMÓN, J.M. *Teoría y práctica del color*. PARRAMÓN. 1988, p.111.

PAWLIK, J. *Teoría del color*. Paidós Estética 2007, p. 154.

SMITH, Ray. *El manual del artista*, H. Blume Ediciones, Madrid, 1990

TORNSQUIST, J. *Color y luz. Teoría y práctica*. Ed G. Gili. Barcelona, 2008.

TORREANO, J. *Dibujar lo que vemos. La percepción de la Gestalt aplicada al Dibujo..* BLUME. 2008, p. 176.

VARICHON, A. *Colores*. GG. 2009, p.288. C

WILSON, B; HURWITZ, A; WILSON, M. *La enseñanza del dibujo a partir del arte*. PAIDOS. Arte y Educación. 2004, p.210.

WONG, W. *Principios del diseño en color*. Ed. G. Gili, 2008 (Fig 110-115)

*Recursos online*

<https://www.artehistoria.jcyl.es/v2/obras/>

<https://www.coronado-bellasartes.com>

<https://enviarte.wordpress.com/>

<https://www.manualidadesybellasartes.com/auxiliares.html>

<https://www.museoreinasofia.es/autores>

<https://www.museothyssen.org/thyssen/artistas>

[https://www.pelikan.com/pulse/Pulsar/es\\_ES.CMS.displayCMS.7813./bienvenido-a-pelikan](https://www.pelikan.com/pulse/Pulsar/es_ES.CMS.displayCMS.7813./bienvenido-a-pelikan)

<https://www.porticolibrerias.es/arte.htm>

<https://www.talens.com/>

<https://www.winsornewton.com/?gclid=CPXdqafSwqkCFcIMfAodfCxqOQ>